

# LUME

Claire Denis, 2022

# 1015

ESTREA EN NUMAX: 30.09.2022 | V.O.S.E. | 116 min | +7

Cando se coñeceron, Sara vivía con François, o mellor amigo de Jean. Agora, Jean e Sara quérense e viven xuntos desde hai 10 anos. Un día, Sara ve a François pola rúa. El non se decata, pero a ela invádelle a sensación de que a súa vida podería mudar repentinamente. Ao mesmo tempo, François retoma o contacto con Jean por primeira vez en anos e proponlle volver a traballar xuntos.

«Os duetos de Binoche e Lindon mostran un gran nivel de consciencia e sutileza nunha confrontación totalmente bergmanesca»

Jonathan Romney, SCREENDAILY



## Entrevista con Claire Denis: «Unha película é como unha casa, cando construín esta non necesitei engadir máis habitacións para facela habitable»

**Esta é a segunda vez que traballas nun guión con Christine Angot desde *Un sol interior* en 2017.** Si, pero esta vez traballar con Christine foi diferente. Non empezabamos de cero. Estabamos a adaptar *Un tournant da vie*, unha das súas novelas. Outra diferenza considerable é que este proxecto cobrou forma durante o comezo da pandemia. Como estabamos encerradas, baixo arresto domiciliario, como a maioría do mundo, Christine e máis eu decidimos traballar en algo. Resulta estraño dicilo, pero é a pura verdade: esta película existe grazas ao confinamento.

**Como traballades xuntas?** Christine é bastante taciturna e eu son máis ben ansiosa. Nalgúns momentos, o choque das nosas personalidades foi explosivo. Como nunha pila na que o polo positivo e o polo negativo fai que salten chispas. O proceso de escrita foi moi animado. Avanzabamos sen parar, todo ocorría de forma rápida. Non houbo inercia e si moita alegría. Christine faime rir moitísimo. Sempre está aberta ao humor.

**Pódesnos resumir Lume?** É unha historia sinxela: Sara e Jean viven xuntos como parella. Un día, por casualidade, Sara ve a François, un antigo amante. Pero tanto na novela como na película, esta simplicidade é enganosa. É unha forma de destruír os clichés sobre patróns de comportamento que todos coñecemos: o *ménage à trois*, a muller dividida entre dous homes e que sofre, etc. Con Christine non había ningún perigo de que puidésemos caer neses tópicos. É unha liña moi fina, e a película é esa liña, un exercicio de equilibrio, un paseo pola corda frouxa. Para min, un guión é como arxila branda que se vai moldeando aos poucos. Siluetas saíndo da néboa que empezan a moverse, a falar, a tomar forma...

**Os tres protagonistas viven no presente e nunca nos revelan moita información sobre o seu pasado.** Iso está feito á mantenta, por suposto. Sara traballa en Radio France Internationale, RFI, unha emisora francesa de servizo público que cobre noticias de todo o mundo. Para min é importante que Sara escoite voces de todas partes que lle din que as cousas non van ben. Tamén di, case como se se tratase dun comentario aparte, que sempre amou e sempre amará o pai da súa filla. Aínda que forma parte do seu pasado, non se esquece de que tamén é nai. Sabemos que Jean non ten traballo, que estivo no cárcere, que adoitaba xogar ao rugby e que agora está a loitar por volver traballar. Tamén tenta volver relacionarse co seu fillo Marcus, que vive coa nai de Jean. Poida que François sexa un matón, ou talvez busca vinganza. Son moi poucos detalles, pero creo que son suficientes. Desa forma permítese que espectadores usen a súa imaxinación.

Unha película é como unha casa. Cando construín esta non necesitei engadir máis habitacións para facela habitable. A textura dos personaxes non reside nas súas biografías. Reside no presente. O seu presente é fugaz -uns días en París no inverno- e abonda para desencadear a tormenta de sentimentos que os deixará abatidos. Por iso hai poucas escenas exteriores. A súa interioridade fai as veces dunha exterioridade un pouco misteriosa. Son como extraterrestres teletransportados fóra dos seus hábitos.

**Foi a primeira vez que traballas co director de fotografía Eric Gautier. Onde decidistes situar ao personaxe?** Coñezo a Eric Gautier desde hai anos, pero non tiveramos a oportunidade de traballar xuntos. O pacto que fixemos foi que ambos nos achegariamos o máis posible á intimidade deste trío. Pode ser moi incómodo achegarse a tanta intimidade. Pero estabamos a rodar nun piso relativamente pequeno. Iso permitiu que Eric e eu nos achegásemos aínda máis a eles.